

Dona KATHERINIE VARELA FERNÁNDEZ, como concelleira voceira da Agrupación Municipal do Partido Popular de Monforte de Lemos, ó abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación no vindeiro Pleno da Corporación Municipal do día 27 de Maio.

**MOCIÓN PARA QUE SE LEVEN A CABO AS
ACTUACIÓNS NECESARIAS PARA QUE RIBASALTAS
VOLVA A CONSTAR NO REXISTRO DE AUGAS DE
BAÑO DA XUNTA DE GALICIA.**

Estamos no mes de Maio, e xa tivemos periodos de calor con temperaturas de preto de 30 grados, días nos cales, somos coñecedores, que houbo persoas bañándose no Río Cabe a altura de Ribasaltas. É por este motivo que consideramos necesario volver a presentar esta moción ante o Pleno da Corporación Municipal. Moción que xa foi presentada en Setembro do ano 2023 e que pasamos a reproducir:

Ata o ano 2012, a zona de baño de Ribasaltas constaba dada de alta como tal no Rexistro de Augas de Baño de Galicia, o que implicaba un control exhaustivo de salubridade. Este Rexistro regúlase na actualidade a través do *DECRETO 175/2022, do 13 de outubro, sobre vixilancia sanitaria das augas de baño de Galicia*, co fin de dispor da información básica das augas de baño e que sirva como instrumento para o exercicio das facultades de inspección e control que teñen atribuídas as autoridades sanitarias e de



coordinación no exercicio das funcións administrativas de control, así como de difundir a información ao público sobre as augas de baño.

Sen embargo, dende o 2012 xa non consta no Rexistro, a pesar de que este mesmo equipo de goberno apoiou unha iniciativa do noso grupo municipal no mandato 2015-19, na que se solicitaba que se puxeran en marcha todos os mecanismos posibles para que se dese de alta esa zona de baño no Rexistro.

Ribasaltas foi historicamente unha zona de baño que xa constaba neste Rexistro polo que parece lóxico que se volva a incluír, por iso instamos a que se leven a cabo aquelas actuacións necesarias para poder contar a maior brevidade posible cun lugar de baño recoñecido pola Consellería de Sanidade.

Por todo o exposto, presentamos ante o Pleno da Corporación Municipal a seguinte proposta de acordos:

- Que se leven a cabo as actuacións necesarias para que a Zona de baño de Ribasaltas volva a estar no Rexistro de Augas de baño de Galicia e así se leven a cabo os controis necesarios polas administración competentes para que os veciños de Monforte gocen dunha zona de baño segura.